

## ACTA DO ACORDO DE INTENCIÓNS E CALENDARIO DE NEGOCIACIÓN NO MARCO NEGOCIADOR DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DE ATENCIÓN PRIMARIA (PORRHH-AP).

### Pola Administración

Maria Estrella López-Pardo Pardo.- Xerente.  
Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos.  
Sofía López Linares.- Directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.  
Margarita Prado Vaamonde.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.  
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Selección de Persoal.  
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais.  
Nieves Fiel Paz.- Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional.  
María Sinda Blanco Lobeiras.- Subdirectora xeral de Atención Primaria.

### Polas organizacións sindicais:

Xosé Francisco Xabier Alvedro Álvarez (CIG)  
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)  
Manuel González Moreira (CIG)  
Lucía Peón Soutiño (CIG)  
Irene Tato Mosquera (CIG)  
María Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)  
María Asunción Maus Gómez (SATSE)  
Judit Fernández Rivas (SATSE)  
Javier González Castro (CCOO)  
Eva María Vidal Marcote (CCOO)  
Carlos Castro Rivas (CSIF)  
Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)  
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)  
Yésica López Curbreira (UGT)  
Javier Martínez Fente (UGT)

Nas dependencias da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela, ten lugar ás 12 horas do día 31 de marzo de 2023 unha sesión extraordinaria da Mesa Sectorial, cos e coas asistentes relacionados á marxe e en cuxa orde do día figura o seguinte punto:

### Acordo de intencións no marco negociador do Plan de Ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria.

Tras o correspondente proceso de negociación e debate, desenvolvido tamén anteriormente nas reunións dos pasados 8 de febreiro e 17 de marzo, anteriormente **as partes asinantes acordan as seguintes liñas prioritarias de negociación:**

#### 1. Medidas de actuación en categorías deficitarias e de difícil cobertura:

Presentarase unha proposta de identificación de postos de difícil cobertura, con novos incentivos. Incentivos nas quendas de tarde e deslizantes.

→ segundo trimestre de 2023

No suposto de que, tras a negociación, o traballo nos centros de saúde en quendas de tarde ou deslizantes teña incidencia retributiva en categorías deficitarias e centros de difícil cobertura, ese mesmo traballo de tarde ou deslizante terá repercusión retributiva en todas as categorías dos ditos centros.



## 2. Medidas de retención de profesionais e de captación de persoal médico de medicina familiar e comunitaria e pediatría:

1º. Estabilidade do persoal residente no seu último grao de formación nas especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria e pediatría de atención primaria, coa oferta de contratación estable de 3 anos.

A oferta incluirá postos de Médico/a de Familia e pediatría en centros de saúde, medicina de familia en PACs, e postos de FEAP. Presentarase na Mesa Sectorial a relación de postos ofertados, baixo a premisa de conciliar a estabilidade deste colectivo coas expectativas de mobilidade do persoal fixo.

Negociarase un baremo simplificado para a elección destes postos, unha vez esgotada a lista xeral.

Atendendo a aquela premisa de respectar as expectativas do persoal fixo, adiantaranse os prazos de resolución do concurso de traslados (ciclo 2023) e do concurso de méritos de estabilización de persoal médico de familia (convocatoria no DOG do 5 de xaneiro de 2023).

→ segundo trimestre de 2023

2º. Promoveranse as modificacións normativas precisas para incluír a categoría de médico/a de familia e outras categorías de especialista que se consideren que cumplen os requisitos de difícil cobertura, entre aquellas cuxos postos de difícil cobertura poden ser provistos mediante procesos selectivos específicos polo sistema de concurso (no marco da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura).

→ segundo semestre de 2023

3º. Esgotamento de todas as posibilidades de formación de residentes de medicina familiar e comunitaria, e demanda de modificación dos criterios de acreditación ao Ministerio de Sanidade que posibiliten a acreditación de novas prazas, mantendo o nivel da calidade da formación.



4º. Impulsar medidas de recoñecemento e incentivo da labor de titoría, incluíndo a titoría EIR.

5º. Negociar as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación (incluirase o persoal EIR)

### **3. Medidas de mellora das axendas e accesibilidade de pacientes en persoal médico de familia. Outras medidas organizativas.**

1º. Unha vez que foi aprobado o manual de cobertura de ausencias nos centros de saúde (Mesa Sectorial do 3 de marzo), trataranse proximamente as cuestións relativas ao persoal dos PAC.

→ segundo trimestre de 2023

2º. Axendas:

Desde 2021 ata agora, todo o persoal médico de familia está traballando coas axendas de calidade. A súa principal característica é a flexibilidade (marxe de 31 a 40 ocos de entre 8 a 15 min.) que permite a súa adaptación ás características intrínsecas de cada centro de saúde (poboación atendida, número de profesionais presentes, etc.). Neste momento a maioría de profesionais escollerón axendas de 34 ocos.

Se esta axenda queda sistematicamente curta, por diversos motivos (ausencias propias e alleas, picos de actividade de demanda que xeran demora), poderanse habilitar axendas de maior capacidade, como axendas de continxencia voluntarias e limitadas no tempo. Estas axendas aplicarán en situacións extraordinarias para ofrecer unha mellor resposta dos profesionais ante situacións de elevada actividade asistencial. A súa aplicación realizarase de forma voluntaria, limitada no tempo, e individualizada para cada profesional, sempre e cando se cumpran os criterios previamente establecidos, ter o numero mínimo de TIS ( 1.200), superación sistemática do límite da axenda de calidade, demora continuada 4 días...

#### **Autoprolongación (definición e aplicación)**



Xornada extraordinaria e voluntaria para a cobertura da actividade asistencial da propia cota dun/dunha profesional que xa traballe na súa xornada ordinaria coa axenda de continxencia.

- Estrutura da axenda de autoprolongación (2 horas): 12 ocos de 10 min. cada un para actos de sobrecarga. Non se poderán forzar citas.

Nesta axenda de autoprolongación poderán moverse a pacientes citados na axenda de continxencia (citas ordinarias e no día), e tamén pacientes citados noutros días ata completar os 12 ocos.

### Seguimento e avaliación

Farase un seguimento trimestral da aplicación das axendas de continxencia e avaliación das mesmas.

De quedar dita axenda sistematicamente curta por outros motivos estruturais, se avaliarán outras medidas como revisión da asignación de pacientes no equipo, dotación de novas prazas sempre que se supere as cartillas mínimas de TIS/Cartillas (1.200), así como outras medidas de apoio adicionais ás xa establecidas.

→ segundo trimestre de 2023

3º. Impulsaranse os equipos multidisciplinares, incorporando as categorías que se consideren necesarias contando co parecer do Consello Técnico de Atención Primaria. Como primeira medida incluirase a carteira de servizos do persoal da categoría de dietista-nutricionista.

4º. Impulsaranse medidas organizativas específicas que garanticen a coordinación asistencial primaria/hospital en todos os distritos sanitarios.

### - Plan de dotación de prazas 2023-2027

Consonte aos criterios e ás ratios que se fixen previamente e coas limitacións e de conformidade coas previsións que establezan as disposicións orzamentarias vixentes.

1. Para a determinación das ratios de referencia teranse en conta as carteiras de servizos aprobadas no Consello Técnico de Atención Primaria. O estudio de necesidades concretarase centro a centro, valorando tamén as posibles cargas de traballo adicionais.
2. Publicarse a plantilla orgánica de atención primaria na web (centros de saúde PACs).
3. Publicación diaria na web dos datos de presencias en PAC.
4. Elaborarase un plan de dotación de persoal coa finalidade de completar os equipos de persoal médico e de enfermería en centros de saúde e PACs. Obxectivo mínimo 1/1.
5. Actuarase sobre mellora de ratios en matronas e fisioterapeutas. Así tamén, incorporaranse novas prazas de persoal de enfermería especialista (Familiar e Comunitaria e Pediátrica) , entre outras medidas de dotación de persoal.



Marco temporal: segundo semestre de 2023

**- Adaptación retributiva a TIS:**

Impulsarase o proceso de adaptación retributiva neste ano 2023.

**- Traballo nos días 24 e 31 de decembro:** Estudio e negociación do seu tratamento nas categorías que non teñen incluídos estes días como día especial..

**- Prevención de riscos laborais:**

Neste ano 2023 incorporarase, ás UPRL propias do Servizo Galego de Saúde, persoal técnico de prevención de riscos laborais específico para atención primaria.

Incorporaranse as medidas que resulten da avaliación de riscos psicosociais para o ámbito de atención primaria.

**- Estruturas das xerencias das áreas sanitarias:**

Como complemento doutras medidas recentes (en concreto a creación das direccións de atención primaria), e tras o tempo transcorrido, considérase necesario completar a estrutura de mando introducindo postos de xestión específicos que xestionen recursos humanos e económicos de

atención primaria así como asistenciais.

→ Marco temporal: segundo semestre de 2023

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2023.

Pola Administración:

María Estrella López-Pardo Pardo

Polas Organizacións Sindicais:

CIG

Ana María Comesaña Álvarez

CCOO

Sofía López Linares

CSIF

Margarita Prado Vaamonde

SATSE

María José Montero Furelos

UGT

Mercedes Castro Seijas

Nieves Fiel Paz

María Sinda Blanco Lobeiras